




 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	DOCUMENTO		Nº.: SC_ABA_D01
			REV: 01
	Elaborado	Aprobado	
	Equipo ABALAR	Equipo ABALAR	
Título: INFORME ÁS FAMILIAS SOBRE O PROXECTO ABALAR			Páxina: 1 - 3

O IES Sofía Casanova está a implantar o Proxecto ABALAR que pretende unha integración plena das TIC na práctica educativa de Galicia e do cal teñen ampla información na páxina web da Consellería de Educación á que se pode acceder mediante o seguinte enderezo “<http://www.edu.xunta.es/web/abalar>” ou a través da páxina do noso IES na que tamén dispoñen de información e enlaces o proxecto e o Espazo Abalar:
<http://www.edu.xunta.es/centros/iessofiacasanova/>

Faise necesario polo tanto, arbitrar protocolos de actuación, control e responsabilidade de material así como recordar a necesidade do respecto e bo uso do mesmo.

Normas de uso e responsabilidade dos equipos:

1. Antes de coller o portátil do armario de carga os alumnos deixarán as súas mesas libres para evitar ter que colocalo en situacións de equilibrio precario.
2. O alumno recollerá o portátil do armario de carga poñéndose en fila e por orde de lista para facilitar a identificación do portátil que lle corresponde. E en ningún caso se acudirá ó carriño en grupos para evitar aglomeracións que deriven en posibles caídas dos equipos.
3. Desenchufarase coidadosamente o cable de alimentación antes de retirar o equipo.
4. Sempre se collerá o portátil coas dúas mans, de xeito que o levalo non lles tape a visión do camiño e tropecen.
5. Cada ordenador portátil ten unha etiqueta de identificación co número que lle corresponde a cada alumno e sempre se collerá o portátil que se corresponda co seu número para que exista unha responsabilidade persoal no coidado do mesmo.
6. O alumno non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do profesor, unha vez rematada a exposición do traballo que van realizar.
7. Non se colocarán obxectos de ningunha clase sobre o portátil nin cando a tapa estea aberta nin cando estea pechada.
8. O equipo dispón de pantalla táctil que só se tocará co punteiro regulamentario que o acompaña.
9. Cando o profesor teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación baixaranse as tapas dos portátiles sen chegar a pechalos de xeito que estes non entren en estado de suspensión.
10. O alumno será responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos, velando polo seu orde e a súa conservación.
11. O alumno será responsable de gardar o traballo e apagar correctamente o portátil ó finalizar a clase.
12. Cando o profesor o solicite, os alumnos devolverán o portátil ó carro de carga poñéndose en fila e por orde de lista, asegurándose de que queda conectado ó cable de carga.
13. Cando o alumno teña que ausentarse temporalmente da aula, baixará totalmente a tapa do portátil para evitar posible golpes e aferrar batería.
14. Cando se produza unha incidencia no manexo do portátil e o alumno/a precise axuda do profesor, procurará non interromper o traballo nin as explicacións que nese momento se estean a desenvolver.
15. O equipo é responsabilidade do alumno para o traballo de clase, ante calquera incidencia informará ao profesor, quen notificará da mesma.
16. No caso de avaría ou esgotamento puntual da batería o alumno deberá de continuar a clase sen el.
17. No caso de avaría que non poida resolver o profesor, este enviará a incidencia correspondente e deixará o equipo no carro de carga.
18. Os equipos non se poderán sacar da aula agás que o profesor dispoña o contrario, e dentro da mesma, cada alumno/a é responsable da súa custodia.




 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	DOCUMENTO		Nº.: SC_ABA_D01
			REV: 01
	Elaborado	Aprobado	 Data: 08/04/2011
	Equipo ABALAR	Equipo ABALAR	
Título: INFORME ÁS FAMILIAS SOBRE O PROXECTO ABALAR			Páxina: 2 - 3

SANCIÓNS

O alumnado deberá cumprir e respectar en todo momento a normativa de uso establecida de maneira xenérica no Regulamento de Réxime Interno (R.R.I.) e a normativa que aquí se especifica para o equipamento das aulas ABALAR, sabendo que o seu incumprimento xerará as sancións correspondentes.

As sancións que se poderán contemplar, en función da gravidade da falta ou incumprimento da normativa serán, entre outras:

- a) Cando se detecte que a avaría do portátil ten a súa orixe nun uso indebido do mesmo, o portátil non se lle devolverá ó alumno. Neste caso arbitrarase as medidas correctoras a que houberse lugar e recollidas nesta normativa ou no R.R.I do Centro.
- b) Cando se detecte que un alumno está a ter avarías graves debidas ó uso indebido ou ó coidado pouco esmerado, procederase a retirarlle o equipo polo tempo que se considere oportuno. En casos moi graves poderá ser suspendido definitivamente do seu uso.
- c) As avarías provocadas non están cubertas pola garantía, polo que se o servizo técnico comproba que a avaría non foi fortuíta, será o alumno o que terá que pagar o custe da mesma.
- d) Calquera outra aprobada polo Consello Escolar e que se inclúa no R.R.I do instituto.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	DOCUMENTO		Nº.: SC_ABA_D01
			REV: 01
	Elaborado	Aprobado	
	Equipo ABALAR	Equipo ABALAR	
Título: INFORME ÁS FAMILIAS SOBRE O PROXECTO ABALAR			Páxina: 3 - 3

DIRECTRICES E PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS

O usuario/a que incumpra as directrices e os procedementos administrativos, estará suxeito/a á suspensión temporal ou definitiva dos seus dereitos de utilización do portátil e da rede/sistema, e estará suxeito/a ás correspondentes sancións disciplinarias, recollidas no Regulamento de Réxime Interno ou nos procedementos legais oportunos.

- O PORTÁTIL É UN INSTRUMENTO DE TRABALLO ESCOLAR Ó QUE SE TEN ACCESO POLO FEITO DE ESTAR MATRICULADO NO PRIMEIRO CURSO DA ESO.
- O ALUMNADO E OS SEUS PAIS OU TITORES LEGAIS ADMITEN DENDE UN PRINCIPIO AS NORMAS ESTABLECIDAS PARA O SEU USO E, QUE O INCLUMPRIMENTO DAS MESMAS, PODE SER OBXECTO DALGÚN TIPO DE SANCIÓN.

AS SANCIÓN QUE SE PODERÁN CONTEMPLAR, EN FUNCIÓN DA GRAVIDADE DO INCLUMPRIMENTO SON:

- A RETIRADA TEMPORAL OU DEFINITIVA DE PRIVILEXIOS DE UTILIZACIÓN DO PORTÁTIL.
- UNHA SANCIÓN ECONÓMICA QUE SE DETERMINARÁ EN CADA CASO TENDO EN CONTA A NATUREZA E GRAVIDADE DO DESPERFECTO CAUSADO.
- CALQUERA OUTRA APROBADA POLO CONSELLO ESCOLAR E QUE SE INCLUA NO REGULAMENTO DE REXIME INTERNO DO INSTITUTO.
- O ALUMNO NO PODERÁ FACER USO DO PORTÁTIL MENTRAS O INSTITUTO NON DISPOÑA DA ACEPTACIÓN DESTAS NORMAS.

Cortar e devolver asinada ao Centro

Don/na pai/nai ou titor do alumno Don/na matriculado en 1º de ESO no curso escolar 2010/2011 no IES SOFÍA CASANOVA, dáse por informado do documento enviado baixo o título "Informe ás familias do proxecto ABALAR" aceptando as normas establecidas nesta circular.

Asdo. Don/na..... Ferrol, a de..... 2011